

46

MEDIDAS

PARA

0

BETANZOS

QUE

QUERES

/❤️



O BETANZOS QUE QUERES

- 1.** Continuar coa recuperación integral das rúas do Casco Histórico, renovando os servizos e as pavimentacións.
- 2.** Potenciar o noso Casco Histórico como centro neurálxico da cidade.
- 3.** Crear unha liña de bonificacións dirixidas á rehabilitación de vivendas unifamiliares tradicionais.
- 4.** Desenvolvemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal e do Plan Especial de Protección do Casco Histórico.
- 5.** Recuperación do Patrimonio Municipal (Parque do Pasatempo, Convento das Donas,...)

O BETANZOS QUE QUERES

- 6.** Continuar coa eliminación das barreiras arquitectónicas existentes nas nosas rúas e nos edificios municipais.
- 7.** Levar a cabo un Plan plurianual de aglomerados asfálticos nos accesos e núcleos rurais.
- 8.** Continuar coa implantación da cobertura das comunicacións nas zonas rurais pendentes.
- 9.** Continuar coa renovación das infraestruturas de saneamento e abastecemento de auga para contribuír coa calidade das augas dos nosos ríos.
- 10.** Continuar apostando polo aforro enerxético e a redución de emisións de CO₂.

O BETANZOS QUE QUERES

11. Finalizar os proxectos iniciados para a cubrición dun Parque Infantil, instalación dun ascensor no parking soterrado da Praza dos Irmáns García Naveira, renovación do Césped do Campo de Fútbol do Carregal, etc...
12. Continuar levando a cabo actividades que sigan a facer de Betanzos un referente cultural en Galicia.
13. Seguir a apostar decididamente por facer de Betanzos un referente no ámbito do turismo cultural, histórico e gastronómico, coa creación dun Plan estratéxico de Turismo e Comercio.
14. Incrementar as actividades culturais e formativas nos Centros Sociais Municipais.
15. Recuperar o Palco da Música como lugar de actividades musicais.

O BETANZOS QUE QUERES

16. Ampliación e modernización da Biblioteca Municipal.
17. Demandar as melloras urxentes e imprescindibles no CEIP Vales Villamarín e nos IES Francisco Aguiar e As Mariñas.
18. Ampliar as becas e axudas dirixidas á compra de material escolar e a estudos universitarios.
19. Crear unha Escola Municipal de Música.
20. Poñer en marcha un Taller de Cine para implicar á veciñanza nesta disciplina e continuar coa programación estable e temática no Cine Alfonsetti.

O BETANZOS QUE QUERES

- 21.** Crear premios para os mellores expedientes académicos de Bacharelato.
- 22.** Elaborar un Plan Estratéxico de Deportes tendo en conta ao tecido deportivo da nosa Cidade.
- 23.** Fomentar a colaboración con todos os clubs e entidades deportivas para potenciar un Betanzos activo.
- 24.** Ampliar e mellorar as instalacións deportivas municipais.
- 25.** Crear e dinamizar rutas de sendeirismo no noso municipio.

O BETANZOS QUE QUERES

26. Dotar unha liña de axudas económicas dirixidas a deportistas individuais da nosa cidade.
27. laborar un Plan Estratéxico de Xuventude tendo en conta ao tecido asociativo xuvenil da nosa Cidade.
28. Crear un Centro de Ocio Xuvenil para a nosa mocidade.
29. Demandar a creación dun Centro de Día Público no noso Municipio, preferentemente nas instalacións do antigo ambulatorio.
30. Crear un Centro de Información á Muller de carácter comarcal.

O BETANZOS QUE QUERES

31. Potenciar as políticas de Igualdade recollidas no III Plan de Igualdade Municipal, dando especial relevancia aos temas de coeducación.
32. Favorecer decididamente a conciliación familiar.
33. Aumentar o Programa de axudas técnicas municipais, mediante a adquisición de máis camas articuladas, grúas, etc.
34. Potenciar as actividades dirixidas aos nosos maiores, como a escola de costas ou os talleres de memoria.
35. Creación dun programa municipal de vivendas de transición dirixido a familias en risco de exclusión.

O BETANZOS QUE QUERES

- 36.** Recibir os tramos urbanos das estradas N-VI e N-651 para humanizar e mellorar a seguridade viaria na Estrada de Castela, Valdoncel, Ribeira e Saavedra Meneses.
- 37.** Continuar coas melloras na seguridade viaria, incrementando a sinalización e coa construción de rotondas na zona da Magdalena, Avenida Fraga Iribarne e Saavedra Meneses.
- 38.** Crear unha Patrulla Rural dentro da Policía Local para garantir a seguridade e a atención da veciñanza das nosas parroquias.
- 39.** Transformar o Mercado Municipal nun “Urban Market”.
- 40.** Dignificar e potenciar o mercado semanal de produtos da terra.

O BETANZOS QUE QUERES

- 41. Bonificar a instalación de novas empresas nas zonas industriais, primando a creación de emprego estable.
- 42. Poñer á disposición de todo o comercio local unha plataforma web de venta on-line.
- 43. Converter o Edificio de Sindicatos nun Edificio municipal de usos múltiples para a cidadanía.
- 44. Potenciar a colaboración co tecido asociativo local.
- 45. Facer de Betanzos unha cidade cardiosaúdable, coa dotación de zonas cardioprotexidas por todo o municipio.
- 46. Estender parte da programación das Festas Patronais.



